

PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL

E-Dixgal: Educación Dixital



ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN

2.- CONTEXTUALIZACIÓN

3.- OBXECTIVOS DO PLAN TIC

3.1 –OBXECTIVOS NA ETAPA DE INFANTIL

3.2- OBXECTIVOS NA ETAPA DE PRIMARIA

3.3- OBXETIVOS NOUTROS EIDOS EDUCATIVOS

4.COORDINACIÓN

4.1FUNCÍONS

5. ACTIVIDADES

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

7. AS TIC NA NOSA ESCOLA

8. METODOLOXÍA

9. ORGANIZACIÓN

10.FORMACIÓN DO PROFESORADO

11.INVENTARIO

12. RECURSOS AUDIOVISUAIS

13.HORARIO

14.PROPOSTAS DE MELLORA PARA AS TICS

15.ANEXO: PROXECTO ABALAR

1.-INTRODUCCIÓN

No CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso levamos facendo dende hai uns anos un importante esforzo polo emprego das novas tecnoloxías de información e da comunicación no noso centro procurando ter toda a documentación informatizada, revisión de equipos, instalación e posta en marcha da aula de informática, conexión en rede, concienciación da utilización das novas tecnoloxías, colocación e emprego da pizarra dixital, a creación da páxina web e do blog do centro, constitúen entre outras unha importante mostra da importancia que as tecnoloxías da información e comunicación teñen

xa no noso centro.

Tamén queremos por de manifesto que debido a este traballo hoxe, todas as aulas contan con conexión á rede por cable.

Por conseguinte o noso traballo con respecto o plan TIC centrarase nos seguintes puntos:

- Creación de novos contidos educativos para a totalidade dos niveis, dende Infantil ata 6º de Primaria.
- Traballo de expansión da realidade do centro a toda a vila e estamentos implicados na súa vida e riqueza.
- A través dos blogs e páxina web do Centro, onde tentamos involucrar non só ao alumnado senón que a todas as familias, sendo o propio blog do Centro o elemento de difusión, conseguindo que o Centro non sexa coñecido só polos que están nel, senón polas persoas que estiveron ou que dun xeito ou outro teñen relación con él.

Atendendo ós pertinentes currículos de infantil e primaria sinálase como competencia: Tratamento da información e competencia dixital.

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a escolarización obrigatoria, acade unha competencia dixital.

Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito e de coherencia, resulta necesaria a creación dun plan de introducción das tecnoloxías da información e da comunicación no centro e na aula coa participación activa de todo o equipo docente.

2.-CONTEXTUALIZACIÓN

O noso alumnado é principalmente rural, o centro acolle aos alumnos transportados das aldeas do concello, pero por mor da perda de habitantes destes núcleos, a súa importancia numérica descendeu nestes últimos anos.

Non existe nin na comarca, nin no concello unha grande cultura informática.

No noso colexio apostamos polas novas tecnoloxías como ferramenta do futuro para as novas xeracións.

O noso centro conta actualmente, tanto por achegas da xunta e dos orzamentos do propio colexio, temos unha aula de ordenadores, con 12 postos, encerado dixital, dotación administrativa (secretaría, orientación, dirección, biblioteca) e dotación para o profesorado (portátiles) a máis de dotar a cada clase dun ordenador e tamén para as aulas de PT e AL.

Tamén existe unha dotación informática para a biblioteca consistente no ordenador de sobremesa e unha impresora para xestión dos fondos do alumnado nas súas procuras de información. De feito os cursos de 5º e 6º de Educación Primaria están inmersos no programa Edixgal da Xunta de Galicia e pertencen a Abalar con 31 netbook, 2 pizarras dixitais e 2 portátiles para as mestras.

Hai que reparar en que moitos destes aparatos aos que se fai referencia se precisaría dunha actualización de software e hardware.

A parte dos elementos materiais, os ordenadores, o profesorado do centro ten traballado arreo para actualizarse no traballo coas novas tecnoloxías, e boa mostra son as múltiples actividades de formación que se lle teñen adicado, tanto en modalidades formativas dentro do propio centro como nas artelladas en col do CEFORE.

Subliñaríamos fundamentalmente que para este curso académico se pretende adquirir actualización formativa en:

X Encerado dixital: coa fin de capacitar ao profesorado, tanto na aplicación didáctica da mesma como na elaboración de actividades cós programas específicos de Smart.

X Libro electrónico

X Proxecto Edixgal: para 5º e 6º de Educación Primaria.

3.- OBXECTIVOS DO PLAN TIC

3.1 –OBXECTIVOS NA ETAPA DE INFANTIL

- Formar aos nenos/as adquirindo destrezas no emprego destas ferramentas propias da nosa era.
- Traballar a través da pizarra dixital contidos interactivos.

3.2- OBXECTIVOS NA ETAPA DE PRIMARIA

- Saber consultar e sacar información a través das TIC
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Fomentar o uso dos medios informáticos como xeito de rachas coas desigualdades sociais
- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe
- Conseguir que o alumnado acceda ao mundo de Internet con capacidade de procura de información e de tratamento crítico da mesma
- Potenciar actividades de participación de toda a comunidade educativa nas diferentes actividades do centro: páxina web, xornal escolar, actividades culturais...

3.3- OBXETIVOS NOUTROS EIDOS EDUCATIVOS

- Dende o punto de vista do Centro:

1. Introducción á “alfabetización dixital” de todos os membros do Centro.
2. Dar un sentido claro, útil e axeitado a todos os recursos cos que conta, aulas con ordenador e conexión á rede, o propio acceso a internet, “Pizarras” dixitais, etc.

- Dende o punto de vista das familias:

1. Levar ata os fogares a idea de que ordenadores e Internet teñen outros usos máis alá do simple lecer.
2. Fomentar a “alfabetización dixital” do entorno dos cativos.
3. Achegar o Colexio á sociedade na que está inserido mediante o uso das TICS para espallar a información e colaborar na formación, sobre todo, das familias da Comunidade Educativa.
4. Conseguir acadar unha mellor comunicación coas familias a través do correo electrónico e da páxina web do Colexio utilizándoos como medios preferentes no intercambio de información entre o Colexio e as familias.

- Dende o punto de vista do profesorado:

1. Adquirir os coñecementos informáticos para poder facer uso didáctico das TIC en tódalas áreas que imparte.
2. Solucionar problemas técnicos elementais máis comúns que se presentan nos equipos informáticos.
3. Utilizar a rede como medio de formación permanente:
 - Realización de tarefas de formación.
 - Participación no blog do centro.
4. Publicar no blog do centro certos traballos realizados e as experiencias levadas a cabo: axenda escolar, fotos de actividades, proxectos educativos, saídas...

5. Realizar experiencias concretas para o uso das TIC nas áreas e niveis correspondentes.
6. Empregar as TIC para o traballo cotián e as actividades da aula: programación, actividades, controis, fichas ...

4.COORDINACIÓN

Coa finalidade de que os obxectivos propostos se poidan poñer en práctica con garantía de éxito e de coherencia, faise necesario a creación dun posto de coordinador para a integración das tecnoloxias da información e da comunicación.

O coordinador de TIC's elaborará en colaboración co equipo de mestres do centro e cos demais mestres/as do centro o plan de TIC's, o cal se incorporará a Programación Xeral Anual (PXA).

4.1FUNCIONES

A coordinación contemplará a organización das seguintes funcións:

- Realizar a análise das necesidades de formación, materiais curriculares e equipamento do centro.
- Realizar un seguimento dos obxectivos nas reunións.
- Establecer as actividades encamiñadas ao desenvolvemento dos contidos.
- Coordinar a elaboración e posta en práctica do plan para a introdución das TIC's no currículo das diferentes áreas.
- Informar ao profesorado sobre as novas ferramentas, os materiais e sistemas dispoñibles para a educación.
- Asesorar ao profesorado sobre os materiais curriculares en soportes multimedia, a súa utilización e as estratexias de incorporación á programación didáctica.

- Elaborar propostas para a organización e xestión dos medios e recursos do centro, mantendoos operativos e actualizados.
- Axudar ao profesorado que presente maior dificultade na utilización dos recursos, apoiando na medida do posible na posta en práctica das sesións.
- Impulsar no centro cantas iniciativas e proxectos se propoñan polo profesorado e o alumnado en relación coas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Colaborar na elaboración de programas formativos no centro que den resposta as necesidades das diferentes áreas.

5. ACTIVIDADES

No referente a aula TIC:

- ✓ Elaboración dun horario para ir a aula TIC consensuado por tódolos titores.
- ✓ Arranxo básico de ordenadores.
- ✓ Instalación do Microsoft Office actualizado na maioría dos ordenadores do centro e todos os da aula TIC.
- ✓ Instalación de programas básicos actualizados como: java, acrobat reader, jcllc, Mozilla Firefox, Internet Explorer 8,...
- ✓ Elaboración e posterior actualización dun inventario coas necesidades de cada ordenador da aula TIC e dos demais do centro.
- ✓ Deseño e creación de libros electrónicos con contidos curriculares.
- ✓ Elaboración de audiovisuais que traten sobre as celebracións.
- ✓ Creación de documentais sobre a convivencia.
- ✓ Formación en pizarra dixital e libro electrónico.

No referente aos blogs do colexio:

- ✓ Mantemento dos blogs e páxina web do colexio:
ceipmanuelbermudezcouso.blogspot.com
- ✓ Elaboración de presentacións para a súa integración no blog co Movie Maker, en Picassa, Slide.com ou Glogster.com
- ✓ Achegamento de arquivos ao blog dende Slideshare.com ou Scribd.com

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

O proceso avaliativo máis claro é a observación directa na aula de cada un dos elementos que interveñen.

A avaliación será continua cun documento final (memoria final) que deberá incluír:

- O grao de cumprimento dos obxectivos propostos.
- As actividades desenvolvidas.
- O grao de implicación do centro e da comunidade educativa.
- As actividades de formación.
- A produción de materiais.
- A avaliación feita e as previsións futuras.

Nesta avaliación continua consideraremos tanto ao alumnado como as actividades, métodos e programas aplicados para concretar si se lograron ou non os obxectivos ou o grao de achegamento aos mesmos. Será importante valorar:

- Se se está producindo unha verdadeira integración das TIC no currículo e nas programacións.
- Se as TIC melloran a aprendizaxe do alumnado.

- Se aumenta o grao de confianza e a autonomía do profesorado no manexodas TIC.
- Se a utilización dos recursos é axeitada.

Realizaranse reunións de control do plan entre os membros implicados.

Ademais o coordinador do plan elaborará un informe trimestral que recolla as dificultades xurdidas, as melloras feitas ou que se van a facer e os cambios que se realicen de acordo coas propostas do profesorado.

7. AS TIC NA NOSA ESCOLA

| APLICACIÓNS EN INFANTIL | |
|-------------------------|--|
| PROGRAMAS APLICACIÓN | O USO |
| Clic A Ratiña Lola | Prelectura e recoñecemento de símbolos Números – series – operacións – conceptos espaciais – razoamento Aspectos de animais, a granxa A casa e os materiais O corpo e as súas partes |
| Adibú | Escribir e ler Iniciación á escritura Aspectos lóxicos e de precálculo |
| Cartoons | Ver historias e comentalas |
| Trampolín | Asociación - contar... Cores e o uso do rato. (tamén o de 6 – 8 anos) |
| Xogar con... | Comunicación e representación |

| | |
|-------------------------|--|
| Colorear Payasete | Comprensión auditiva e de conceptos. |
| O Mono Coco Series | Memorines – Laberintos – Puzzles Entretemento e aprendizaxe de cores, etc. Puzzles e cores |
| Memorín de Micky | Traballo da memoria con figuras grandes. Ideal para a iniciación có rato. |
| Kid Pix | Debuxo libre Realizar actividades de comprensión espacial. Conto |
| Puzzle de Mickey | Formar os puzzles con maior ou menor dificultade |
| Aprende música con Pipo | Educación musical |
| Los tres cerditos | Actividades de recoñecemento, puzzles, memorines. |
| El conejo lector | Asociacións, colorear, recoñecer símbolos, prelectura |

| APLICACIONES EN PRIMARIA | | |
|--------------------------|-------|--|
| ÁREA DE LENGUA | | |
| PROGRAMAS APLICACIÓN | NIVEL | O USO |
| LEXA | TODOS | Descubrir o teclado Consoantes Sílabas directas, inversas, mixtas, |

| | | |
|--------------------|-------|---|
| | | trabadas. |
| WORD | TODOS | <p>Iniciación á escritura.</p> <p>Pasar a limpo borradores de cartas e outros textos.</p> <p>Textos, periódico, tablas, insertar imáxes, hipervínculos..</p> <p>Elaborar documentos para engadir páxinas web.</p> <p>Elaboración de textos e resúmos de libros lidos</p> <p>Elaboración de contos</p> |
| CLIC | TODOS | Comprensión lectora e ortografía e outros |
| Correo electrónico | TODOS | <p>Carteámonos con outros alumnos/as</p> <p>Escribimos e-mails</p> |
| Creative Writer | TODOS | <p>Composición e corrección de textos</p> <p>Realizar carteis, invitacións.</p> <p>Fichas de lectura.</p> |
| Internet Explorer | 3º-6º | Búsqueda de información, lectura de textos, xornais, etc. |

| APLICACIÓN EN PRIMARIA | | |
|---------------------------------|--------------|---|
| ÁREA DE INGLÉS | | |
| PROGRAMAS APLICACIÓN | NIVEL | UO USO |
| Aprende inglés con Pipo | 3º-6º | Actividades variadas |
| Muzzy | 3º-6º | Programa completo e por niveis con actividades de lectura, audición e escritura |

| | | |
|--------------------------------|---------|--|
| Cartoons | 5º-6º | Creación de historias con conversas en inglés. |
| Kids y Hello Kids 3º y 4º - 5º | 3º - 5º | Actividades variadas |

| APLICACIONES EN PRIMARIA | | |
|------------------------------------|--------------|--|
| ÁREA DE MATEMÁTICAS | | |
| PROGRAMAS APLICACIÓN | NIVEL | O USO |
| Aprende matemáticas con Pipo | 3º-6º | Mediante xogos repasan as operacións básicas: sumar, restar, multiplicar e dividir |
| CLIC | TODOS | Fundamentalmente para cálculo mental e operacións Módulos de xeometría |
| Aventura matemática en Mesopotamia | 6º | Números naturais Números decimais |
| Problemas de Novella | 3º-4º | Resolución de problemas variados de operacións, medidas e xeometría |
| El castillo de las cuentas | 3º-6º | Operacións básicas |

| APLICACIONES EN PRIMARIA | | |
|-------------------------------------|--------------|--------------|
| ÁREA DE COÑECEMENTO DO MEDIO | | |
| PROGRAMAS APLICACIÓN | NIVEL | O USO |

| | | |
|-------------------------|-------|--|
| Enciclopedia ENCARTA | 3º-6º | Búsqueda de información |
| CLIC | TODOS | Aplicacións referentes ás unidades estudiadas |
| Xeografía con Pipo | 5º-6º | Localización de continentes, países, ríos... |

| APLICACIÓNS EN PRIMARIA | | |
|---|-------|---|
| ÁREA DE MÚSICA | | |
| PROGRAMAS APLICACIÓN | NIVEL | O USO |
| Gravador de sons | TODOS | Gravamos cancións Aprende música con Pipo Todos Discriminación auditiva |
| Enciclopedia dos instrumentos musicais | 5º-6º | Iniciación ao mundo dos instrumentos Instrumentos do mundo |
| CLIC | TODOS | Diversas actividades |

| APLICACIÓNS EN PRIMARIA | | |
|-------------------------|-------|---------------------------------------|
| ÁREA DE PLÁSTICA | | |
| PROGRAMAS APLICACIÓN | NIVEL | O USO |
| PAINT | TODOS | Trazos e debuxos sinxelos |
| Kid Pix | TODOS | Realizar debuxos, imprimir, pintar... |
| CLIC | TODOS | Actividades variadas |

| APLICACIONES EN PRIMARIA | | |
|---------------------------------|--------------|---|
| MULTIDISCIPLINAR | | |
| PROGRAMAS APLICACIÓN | NIVEL | O USO |
| Enciclopedia Encarta | 2º-6º | Búsquedas de información |
| Puzzles de Micky | TODOS | Realizar puzzles con diferente dificultade. |
| GRADO 56 | 4º-6º | Xogo de preguntas sobre todas as áreas de aprendizaxe |
| CLIC | TODOS | Calquera actividade |
| Correo electrónico | TODOS | Para comunicarse con outras persoas. Escribimos e-mails |
| Word | 3º-6º | Inicio no emprego de ferramentas. Presentación de traballos |
| Internet Explorer | TODOS | Utilización e aplicación e búsqueda de información de diferentes temas con Internet. |
| Power Point | 4º-6º | Inicio no emprego de ferramentas. Presentación de traballos |
| Neobook | 5º-6º | Creacións de presentacións con PowerPoint e debuxos con Paint. |
| Hot Potatoes | VOLUNTARIO | Programa para deseñar actividades de preguntas e respostas, ordenar frases, crucigramas, etc. |

| | | |
|--------|------------|--|
| | | |
| EdiLim | VOLUNTARIO | Programa para realizar variadas actividades, moi sinxelo de empregar, xenera un único arquivo flash en formato swf , moi fácil. |

8. METODOLOXÍA

Acudir cos alumnos/as a unha actividade de informática supón unha preparación e unha planificación. O que require unha programación que como todas, sexa flexible, e adaptada aos nosos alumnos/as, podendo modificala ou melloralala pouco a pouco.

Do que se trata por tanto e de promover un traballo no que alumnado sexa o protagonista das súas aprendizaxes, cun papel activo, dinámico e constructivista. No posible tratarase de ofrecer unha aprendizaxe que promova a investigación-acción e traballo en equipo con actividades lúdico formativas.

9. ORGANIZACIÓN

A presente proposta será levada a cabo semanalmente de forma voluntaria por parte de titores/as, tendo en conta que as actividades encamiñadas a introducción das TIC's se realizarán interdisciplinarmente con actividades das diferentes áreas nas que se estrutura o currículo, tanto da educación infantil como da educación primaria.

Dado que o ordenador e a pizarra dixital se atopan dentro da aula, o uso dos mesmos utilizarase en calquer momento como un complemento dos contidos de cada unha das áreas, o que suporá ademais, un estímulo extra á hora de despertar o interese do alumnado polo proceso de ensino-aprendizaxe.

Polo tanto as actividades terán un carácter flexible e respetarán as liñas metodolóxicas que impregnan o currículo.

10.FORMACIÓN DO PROFESORADO

Este curso académico 2016-17, estamos a participar nun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) encamiñado a adquirir habilidades e destrezas do manexo e uso da pizarra dixital, elaboración de actividades co seu software e creación de libros electrónicos.

11.INVENTARIO

O CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso conta coa seguinte dotación de material, nas súas diferentes aulas, para a posta en práctica do plan TIC's, coas súas incidencias e IPs:

| Ordenador | Internet | Son | Acrobat Reader 9.2 | Word version/open office | JClic | Outras incidencias Impresora de aula TICS: HP 1220C |
|------------------------------------|----------|-----|--------------------|--------------------------|-------|---|
| ▪ Aula TIC 1 IP: 69.44.72.82 | Sí I8+M | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP |
| ▪ Aula TIC 2 IP: 69.44.72.90 | Sí I8+M | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP |
| ▪ Aula TIC 3 IP: 69.44.72.89 | Sí I8+M | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP |
| ▪ Aula TIC 4 IP: 69.44.72.51 | Sí I8+M | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP |
| ▪ Aula TIC 5 IP: 69.44.72.87 | Sí I8+M | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP |
| ▪ Aula TIC 6 IP: | Sí I8+M | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP |

| | | | | | | |
|---|---------|----|----|-----------|-----|--|
| 69.44.72.86 | | | | | | |
| ▪ Aula TIC 7 IP: 69.44.72.85 | Sí I8+M | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP |
| ▪ Aula TIC 8 IP: 69.44.72.84 | Sí I8+M | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP |
| ▪ Aula TIC 9 IP: 69.44.72.83 | Sí I8+M | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP |
| ▪ Aula TIC 10 IP: 69.44.72.78 | Sí | Sí | Sí | Word 2000 | Sí | WIN XP |
| ▪ Aula TIC 11 IP: 69.44.72.81 | Sí I8+M | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP |
| ▪ Aula TIC 12 IP: 69.44.72.80 | Sí I8+M | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP |
| ▪ Aula TIC 13 IP: 69.44.72.72 | Sí | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP |
| ▪ Sala de mestres esq IP: 69.44.72.200 | Sí | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP |
| ▪ Sala de mestres dereita IP: 69.44.72.54 | Sí | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP |
| ▪ Aula 1º PRIM | Sí | Sí | Sí | Word 2000 | Non | WIN98, Canón. |
| ▪ Aula 2º Pri | Sí | Sí | Sí | Word 2007 | Non | WIN XP, Canón. |
| ▪ Aula 3º PRIM IP: | Sí | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP É un portátil, TEN CANÓN. Impresora HP 1460 |

| | | | | | | |
|--|----|----|----|-----------|-----|---|
| 69.44.72.93 | | | | | | |
| ▪ Aula 4º PRIM IP: 69.44.72.133 | Sí | Sí | Sí | Word 2000 | non | WIN XP, pantalla descolorida. TEN CANÓN |
| ▪ Aula 5º PRIM | Sí | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | PROXECTO EDIXGAL, Canón |
| ▪ Aula 6º Pri | Sí | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | PROXECTO EDIXGAL, Canón |
| ▪ Aula PT IP: 69.44.72.77 | Sí | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP, Canón |
| ▪ Aula AL IP: 69.44.72.202 | Sí | Sí | Sí | Word 2000 | Sí | WIN XP, Canón |
| ▪ Aula Orientación IP: 69.44.72.69 | Sí | Sí | Sí | Word 2000 | Sí | WIN XP Impresora |
| ▪ Aula Inglés | Sí | Sí | Sí | Word 2003 | Sí | WIN XP |
| ▪ Biblioteca IP: 69.44.72.91 | Sí | Sí | Sí | Word 2000 | Non | WIN XP, Impresora |
| ▪ Aula informática IP: 69.44.72.76 | Sí | Sí | Sí | Word 2007 | Sí | WIN XP, Portátil e pizarra dixital |
| ▪ Secretaría IP: 69.44.72.50 | Sí | Sí | Sí | Word 2000 | Non | WIN XP |
| ▪ INFANTIL 3 ANOS IP: 69.44.72.73 | No | Sí | Sí | Word 2003 | Non | WIN XP, pizarra dixital, canón |
| ▪ INFANTIL 4 ANOS IP: 69.44.72.7 | No | Sí | Sí | Word 2000 | Non | WIN 98, pizarra dixital, canón |

| | | | | | | |
|--|----|----|----|-------------|-----|-----------------------------------|
| 1 | | | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ PORTATIL INFANTIL 5ANOS IP: 69.44.72.222 | No | Sí | Sí | Word 2010 | Sí | WINDOWS 7, pizarra dixital, canón |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Aula de Inglés | Sí | Sí | Sí | Open Office | Sí | Portátil, canón. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Aula de música | Sí | Sí | Sí | Open Office | Sí | Portátil, canón. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Ludoteca IP: 69.44.72.79 | Sí | Sí | Sí | Open Office | Sí | WIN XP É un portátil, TEN CANÓN. |
| <ul style="list-style-type: none"> ▪ Dirección IP: 69.44.72.52 | Sí | Sí | Sí | Word 2007 | Non | WIN XP, Impresora |

12. RECURSOS AUDIOVISUAIS

1 reprodutor DVD.

1 Televisor.

16 canóns proxectores.

1 cámara de video.

13.HORARIO

A coordinación TIC destina unha hora semanal para organizar as diferentes actividades programadas.

14.PROPOSTAS DE MELLORA PARA AS TICS

- Que os recursos TIC, sexan utilizados pola totalidade do profesorado e alumnado do centro.

- Mellorar a conexión WIFI.

- Renovar o material deteriorado e/ou obsoleto.

ANEXO: proxecto abalar

✓ *QUE PRECISAMOS NO CENTRO?*

Despois dunha longa andaina e de ver que as novas tecnoloxías son o noso futuro e o dos nosos alumnos, vémonos na necesidade de formación para que entre todos podamos preparar a os alumnos para ao futuro e para iso intentaremos que este proxecto nos sirva de base e de guía para impartir a nosa docencia.

Con este Proxecto pretendemos dar un enfoque pedagógico, organizativo diferente ao que viñamos facendo ata agora e será un logro na nosa labor como docentes.

1. **OBXECTIVOS**

- a) Establecer protocolos e principios de organización e uso didáctico dos recursos TIC dentro da Aula Abalar.
- b) Potenciar o interese do alumnado fronte a novos métodos de ensino e fomentar neles unha actitude responsable, activa e participativa fronte a súa aprendizaxe.
- c) Diseñar tarefas utilizando programas coñecidos ou os programas educativos presentes nos netbook
- d) Elaborar materiais didácticos tendo como soporte os recursos e a información de Internet.
- e) Impulsar pequenos proxectos que favorezan o traballo en equipo e as relacións entre todos os mestres que imparten clases na aula Abalar.
- f) Introducir na programación de aula obxectivos e actividades didácticas que teñan como recurso de ensino aprendizaxe as tecnoloxías da información e da comunicación

2. **CONTIDOS**

- A) Familiarización do profesorado coas vantaxes e posibilidades que podemos explorar no mundo das TIC.
- B) Organización da aula: establecer protocolos
- C) Elementos da aula Abalar: o servidor, os netbook...
- D) Experiencias doutros docentes.
- E) Busca e Catalogación de recursos-
- F) Como integrar unha actividade no Currículo e como levala a práctica.

- G) O encerado dixital: crear as propias actividades, e buscar outras que se podan levar a cabo a través da pizarra.
- H) Facer un percorrido pola Web en busca de información que sexa interesante para a nosa práctica docente.
- I) Utilizar distintas ferramentas para crear novos recursos educativos.

3. METODOLOXÍA E PROCEDEMENTOS DE TRABALLO

A Metodoloxía empregada ten que estar baseada no traballo en pequeno grupo, aportando todas as ideas que nos leven a organizar facilmente o traballo diario, levaremos a cabo un Brain-Storming (remuíño de ideas) e poraremos en práctica as actividades que vaian xurdindo. Observaremos o grado de satisfacción do grupo cos métodos empregados. Faremos unha observación directa da práctica educativa.

4. TRABALLO DE AULA O LONGO DO CURSO

Este curso como todo era novo para o profesorado, fomos intentando familiarizarnos nós e máis os cativos cos ordenadores nas aulas, os Mestres nun principio traballaron con actividades buscadas de internet ou outros contidos educativos, pero no último trimestre xa empezamos a crear as nosas actividades. É un proxecto a longo prazo e de momento estámolo utilizando como ferramenta complementaria que axuda a alumno e máis o mestre/a a ampliar información para distintas tarefas na aula.

A aula conta con 16 miniportátiles, un proxector e unha pizarra dixital e un ordenador para o mestre da aula.

5. NORMAS TIC

PROTOCOLO NA UTILIZACIÓN DOS POTÁTILES

O alumnado a que vai dirixido deberá cumprir e respetar en todo momento a normativa de uso, que se proporá para a súa incorporación no R.R.I, sabendo que o incumprimento da mesma traerá, ademais, da perda dos privilexios de uso, calquera das sancións que se establecen no devandito Regulamento, as que determine a lexislación vixente e mesmo sancións económicas se chegara o caso.

As sancións que se poderán contemplar, en función da gravidade da falta ou incumprimento da normativa serán, ademáis daquelas que determine a lexislación, as que a continuación se sinalan:

- a) A retirada de privilexios de utilización do portátil.
- b) A retirada temporal ou definitiva do portátil.
- c) Unha sanción económica que se determinará en cada caso tendo en conta a natureza e gravidade do desperfecto causado.

Ademais da normativa de uso xeral vixente, estes ordenadores están suxeitos dada a súa especificidade, a unha normativa propia e complementaria que aquí se explícita.

1. Antes de coller o portátil do carro de carga os alumnos terán as súas mesas libres para evitar que caian o chan.
2. Cada alumno recollerá o portátil do carriño por orde para facilitar a identificación do portátil.
3. Sempre se collerá ó portátil coas dúas mans, de xeito que ó levalo non lles tape a visión do camiño e tropecen.
4. Cada ordenador ten unha etiqueta cun nº e o Nome do alumno.
5. O alumno non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do Mestre, unha vez rematada a exposición do traballo acenderá o ordenador
6. Non se colocarán obxectos enriba deles.
7. A pantalla é moi delicada non se debe tocar nin co dedo, nin con ningún obxecto.
8. Cando na clase se faga unha explicación os alumnos baixarán as tapas dos ordenadores.
9. Cada alumno será responsable do portátil que se lle adxudica: terá un Nome e un contrasinal a fin de facilitar o rexistro da actividade.
10. Cada alumno será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas, e arquivos da súa conta, velando polo seu orde e a súa conservación.
11. Cada alumno será responsable de gardar o seu traballo e de apagar correctamente o seu ordenador.
12. Os alumnos devolverán os ordenadores a o carriño correspondente asegurándose de que queda conectado o cargador.

13. O alumno é responsable do seu equipo, calquera acción ou incidencia intencionada terá a súa correspondente sanción: que pode ser retirada do portátil o longo de tres días e no caso de rotura intencionada o alumno perderá o uso do ordenador .

14. Os lapis gardaranse todos xuntos.

15. Si un alumno causa danos nun ordenador dun compañeiro , o seu ordenador pasará ao compañeiro ata que se solucione o problema.

Os ordenadores estarán rexistrados en Xade.

A chave do carro estará ao coidado do Conserxe do Centro e abrirá pola mañá o profesor e pola tarde cerrará o profesor.

En caso de avaría, rotura ou roubo avisar ao Asesor Abalar.

Os ordenadores non sairán da aula.

Se chega un alumno novo avisar ao Asesor Abalar.

Este plan foi aprobado polo Claustro e Consello Escolar en xuño do curso escolar 2017